**O empobrecemento dos empregados públicos galegos chega a niveis nunca vistos en tempos de forte expansión**

Dato versus relato: a Xunta de Galicia aprobou durante os últimos 5 anos unha perda de poder adquisitivo maior que o aumento dos salarios.

Os empregados públicos somos un colectivo responsable, asumimos con sacrificio o recorte do soldos nos anos posteriores á crise financeira, tanto por redución de salarios como por conxelacións sucesivas. Moitos sabíamos que nunca recuperaríamos dito poder adquisitivo en termos reais. O que nunca imaxinamos é o que está a acontecer actualmente: unha perda de poder adquisitivo nunca vista en tempos de forte expansión económica e do gasto público.

Os datos son claros, o goberno estatal e o autonómico financian gran parte do incremento do gasto público, con incrementos substanciais en partidas cun gran peso do gasto político discrecional, coa diminución dos salarios dos empregados públicos, o gasto público non para de aumentar a cifras nunca vistas (aínda que cada vez é máis complicado saber a cifra con rigor, especialmente no ámbito estatal pola falta de orzamentos e as imputacións nos mesmos dos fondos europeos).

Sabemos que o diñeiro non é infinito, e sen dúbida, a clase política sabe que o máis sinxelo para cadrar as contas é diminuír as retribucións dos empregados mantendo contentas ás direccións dos sindicatos de clase, o custo beneficio é máis que satisfactorio, non aumentar os salarios dos traballadores públicos de acordo coa inflación é moi apetitoso. No caixón queda a subida de soldos polo goberno estatal no ano 2025, mentres a Xunta arrastra os pés co recoñecemento do grado III carreira profesional extraordinaria, e parece que os arrastrará máis co pago diferido en catro anos, pero todos os asinantes dos diferentes acordos conxelados calados e pacientes, o nunca visto.

Mentres, determinados dirixentes sindicais de clase no ámbito estatal aplauden o maltrato aos empregados públicos nun momento de expansión económica e do gasto público. Estes sindicatos consideran un éxito o golpe dado aos empregados públicos no ano 2025, e que se pague un 0,5% correspondente ao ano 2024 en xullo/agosto do 2025, feito que se suma a máis dunha década de abusos dos diferentes gobernos, tanto a nivel estatal como autonómico.


Os seguintes datos acreditan como se aumenta o gasto público en liña coa inflación, evidente correlación:

A pesar do anterior, castigan aos empregados públicos nos seus salarios (datos baseados nas ordes de nóminas dos anos 2020 a 2025):

Incrementos anuais


| IPCE BASE 2021 IGE | 2021 | 2022 | 2023 | 2024 | 2025 estimado | Total Periodo |
|---|---|---|---|---|---|---|
| España | 3,10% | 8,40% | 3,50% | 2,80% | 2,50% | 20,30% |
| Galicia | 3,50% | 9% | 3,60% | 2,90% | 2,50% | 21,50% |

| Gasto Público | 2021 | 2022 | 2023 | 2024 | 2025 estimado | Total periodo |
|---|---|---|---|---|---|---|
| España | 5.34% | 4,25% | 6,88% | 6,15% | 3,20% | 25.82% |
| Galicia | 4,25% | 0,45% | 8,50% | 5,00% | 2,60% | 20,80% |




En todos os subgrupos de persoal funcionario, a perda de poder adquisitivo é superior ao incrementos dos salarios nos últimos cinco anos, con porcentaxes de perda de poder adquisitivo semellantes en todos eles:

| Salario bruto. Posto base | 2020 | 2025 | Incremento real | Incremento aplicando IPC | Perda poder adquisitivo | % perda poder vs. incremento salarial |
|---|---|---|---|---|---|---|
| A1 | 30.310,88 | 33.417.12 | 3.106,24 | 6.516,84 | 3.410,60 | 109,80% |
| A2 | 26.112.22 | 28.788,38 | 2.676,16 | 5.614,13 | 2937,97 | 109,78% |
| C1 | 21.846,46 | 24.085,32 | 2.238,86 | 4.696,99 | 2.458,13 | 109,79% |
| C2 | 19.224,84 | 21.195,10 | 1.970,26 | 4.133,34 | 2.163,08 | 109,79% |
| A.P. | 17.478,58 | 19.270,02 | 1.794,44 | 3.757,89 | 1.966,45 | 109,77% |




Adoptamos unha aptitude de prudencia nos cálculos, xa que tivemos en conta o IPC oficial. Moitas opinións apuntan a que este non se corresponde co IPC real que nos encontramos na compra dos alimentos básicos, a vivenda, os subministros de enerxía e combustibles, etc.; nos tamén o pensamos. Respecto do incremento do IPC, non tivemos en conta o interese composto, derivado das acumulacións das subidas previas, o que levaría o dato do período ao 23,2% de suba.